

Nick (Usuario): _____

Data: _____

A FUNCIÓN DE NUTRICIÓN

Lembra as funcións vitais:

** Función pola cal interactuamos con todo o medio, os factores, os seres vivos... que nos rodean.

** Función pola cal unha especie mantén a súa presenza a través da creación de novos membros da mesma.

** Función pola cal adquirimos os nutrientes necesarios para poder vivir, medrar, movernos, relacionarnos...

Une según corresponda.

DIXESTIÓN ☐

☐ Función pola cal adquirimos nutrientes e substancias para poder vivir, medrar...

RESPIRACIÓN ☐

☐ Proceso polo cal tomamos alimentos, é dicir, comida.

EXCRECIÓN ☐

☐ Proceso polo que os alimentos e as bebidas que tomamos se descompoñen nos nutrientes que o corpo usa para obter materia e enerxía.

ALIMENTACIÓN ☐

☐ Proceso no que aspiramos e expulsamos aire.

NUTRICIÓN ☐

☐ Proceso mediante o cal o sangue se move por todo o corpo, impulsado polo corazón, levando a todas as células do corpo os nutrientes e o osíxeno.

CIRCULACIÓN ☐

☐ Proceso polo que se eliminan as substancias de refugallo que o noso corpo non precisa.

Completa as oracións coas palabras seguintes:

circulatorio dixestivo excretor respiratorio

*O aparato realiza a dixestión dos alimentos ingeridos.

*O aparato realiza a respiración do aire, en especial do osíxeno.

*O aparato realiza a circulación do sangue polo corpo.

*O aparato realiza a expulsión de substancias de refugallo.